



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTESETE DE MARZO DO ANO DOUS MIL DEZ.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e cinco minutos do día vinteseite de marzo do ano dous mil dez, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

Dna. Rosa Nora González

D. Benito Vázquez Vázquez

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.

Dna. María Belén González González.

D. Antonio Estévez González

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez.

D. Francisco Veloso González(Incorporase a sesión as once horas e trinta minutos)

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permuy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRINTA DE XANEIRO DO ANO DOUS MIL DEZ.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria celebrada en data trinta de xaneiro de dos mil dez, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que queren matizar na paxina oito do acta onde di “ Centro social” se referían ao “ Centro de día” e tamén que mais abaixo onde se di que pregunta se “haberá problemas co primeiro proxecto” a pregunta foi se “ o proxecto se corresponde coa finalidade”, e que cando preguntaron pola ubicacion do centro social de Riocaldo, esta pregunta se motivou porque esa ubicacion era un lugar pequeno e non era zona centro.

Concedida a palabra ao voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que queren matizar tamén na paxina oito cando se fala da comunidade de montes, quere engadir que se lles solicitou varias veces e que alomenos foron en dous anos diferentes e non se obtivo resposta.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data trinta de xaneiro de dous mil dez, resultou aprobada coas observacións indicadas, por maioría absoluta dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. Rosa Nora González, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (sete votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Francisco Veloso González, (por inasistencia) D. Benito Vázquez Vázquez e D. Antonio Estévez González (por inasistencia a dito Pleno) (tres abstencións)

PUNTO SEGUNDO: EXPTE: U-2008/077: PLAN ESPACIAL DE INFRAESTRUCTURAS. APROBACIÓN DEFINITIVA.

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, sinala que a proposta da Alcaldía (que se recolle a continuación) foi remitida xunto coa convocatoria do Pleno:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

VISTA a inclusión no Plan Operativo Local do ano 2005 das obras de conexión da estrada OU-540 coa do núcleo do Valoiro.

VISTO que o Plan Xeral de Ordeación deste Concello, aprobado definitivamente en data 21 de novembro de 2001, non presentou a necesidade de programar ningún sistema xeral viario de nova creación para o establecemento dunha conexión da estrada OU-540 coa do núcleo de Valoiro.

VISTO o disposto no artigo 109.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medido rural de Galicia.

VISTO o tramite de información pública o Plan Especial de referencia nos termos do artigo 86.1 a) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, por prazo dun mes contado a partires do día seguinte a aquel no que se produza a última das publicacións que se inserirán por medio de anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión na provincia, con notificación individualizada ós propietarios dos terreos afectados que figuren como titulares no catastro, servindo o anuncio de notificación para os propietarios afectados que non poidan ser notificados individualmente, ben por descoñecidos ou porque se ignore o lugar de notificación, enderezo, medio ou, ó intenta-la notificación non se puidera practicar.

VISTO o informe emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia de data 16 de xaneiro do 2008.

VISTA a Resolución da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil de data 13 de xullo do 2009.

Visto que o 18 de xaneiro de 2010 foi aprobado provisionalmente o Plan Especial de Infraestrutura Viaria para programar un sistema xeral viario que estableza unha conexión da actual estrada OU-540 coa do núcleo de Valoiro redactado por Hábitat 6 S.L. a iniciativa da Deputación Provincial de Ourense, coas modificacións incluídas no Anexo I “Memoria Xustificativa e complementaria das correccións introducidas do Plan Especial de Infraestructuras, segundo o sinalado no informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo”

VISTO o informe favorable da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 18 de marzo de 2010.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

*De conformidade co recollido no artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o art. 86.1 d) da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e proteccion do medio rural de Galicia. Propoño que polo Pleno da corporación se adopte o seguinte **ACORDO**:*

Aprobar definitivamente o Plan Especial de Infraestrutura Viaria para programar un sistema xeral viario que estableza unha conexión da actual estrada OU-540 coa do núcleo de Valoiro redactado por Hábitat 6 S.L. a iniciativa da Deputación Provincial de Ourense, coas modificacións incluídas no Anexo I “Memoria Xustificativa e complementaria das correccións introducidas do Plan Especial de Infraestructuras”.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, sinala que a postura do seu grupo e coñecida por todos, sinala que se trata dunha “cacicada” en Lobios, xa que a Deputación se dedica a malgastar os Fondos Europeos e a súa pregunta é porque solicitouse este arranxo e non o de Sanpaio, continua decindo que coas deficiencias que hai en Lobios non entenden como se pode falar dun novo vial, xa que estarían de acordo con isto sempre que haxa as demais infraestructuras necesarias, polo que o seu voto será en contra porque loitan contra as cacicadas e esta o é, remata decindo que non é xusto que a Deputación lle de cobertura a este personaxes e non se debe admitir.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, manifestan a disconformidade coa carreteira o cal xa se comunicou ante a Deputación pero a obra xa estaba definida e xa non se podía destinar a outro fin, polo que se pediu o arranxo de Grou e de San Paio que se esta facendo, indica que algo parecido pasou co Embalse de Lindoso pero unha vez que está a obra, se non se fai se perden os cartos, continua decindo que a contestación para contrarrestar a cacicada foi que a carreteira de Grou se iniciou e a de San Paio tamén e isto xa se manifestou naquel momento e nas actas se pode ver e o Concello naquel momento indicou que non aportaría nin un can e así foi, remata decindo que foron os veciños os que se comprometeron a correr cos gastos pola venta de pinos e o diñeiro quedou a disposición do Concello e non sabe se se pagou o non pero así foi, polo que tamén manifestan a súa disconformidade.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que continuando co termino “cacicada”, cando chegaron ao goberno eses fondos non se podían destinar a outro fin, polo que se pediu unha entrevista coa Deputación e se conseguiu arranxar Grou, firmándose un convenio no que se establecían os prazos para arranxar Grou e para non perder os fondos se tramitou este expediente, tamén foi necesario arranxar a prza e firmou Baltar un acordo de arranxo, remata decindo que sería unha irresponsabilidade perder os fondos porque non se poden destinar a outro fin.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pregunta que praza.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e responde a fonte, que as obras se fixeron agora, cun acordo con Baltar.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que non se fixo polo convenio e que esa obra xa leva feita case dous anos, indica que ese convenio se asinou porque xa estaba feito e non se admite

Toma a palabra o Sr. Alcalde e responde que esta documentado.

Concedida a palabra ao Concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG- PSOE, Sr. Paz León, indica que hai dous anos se pediu a reforma e se fixeron unhas obras pero que non concordaban co pedido polo que se volveu pedir a Deputación e o asinou o Presidente.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que ese documento asinado o levou el persoalmente ao Presidente.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que o levou el cos veciños.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, sinala que isto demostra que Baltar é moi intelixente, porque unha mesma obra a vendeu a destro e sinistro.

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría simple dos membros presentes, co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Nora González, (catro votos a favor)

VOTOS EN CONTRA: Sres./as Fernández Simo e Carballo Suárez (dous votos en contra)

ABSTENCIONS: Sres/as. Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado e González González. e Veloso González (por a non asistencia) (cinco abstencions).

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DE DECRETO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da conta do Decreto de data 23 de marzo de 2010, que foi remitido xunto coa convocatoria, e que se transcribe literalmente:

“ DECRETO

VISTO que no Pleno De data 1 de agosto de 2009 se tomou coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro do Sr. D. Tomas Gonzalez Gonzalez.

VISTO que dito concelleiro tiña delegadas as competencias que a esta Alcaldía correspondan nos servizos de facenda, réxime interior, persoal, emprego e formación ocupacional por Decreto de Alcaldía de 3 de xullo de 2007.

VISTO que no Pleno de data trinta de Janeiro de 2010 tomou posesion coma concelleira do Concello de Lobios D^a Rosa Nora Gonzalez.

VISTOS os artigos 20, 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante LRRL), 43 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (en adiante ROF),

RESOLVO:

Primeiro: Delegar en D^a. Rosa Nora González as competencias que a esta Alcaldía correspondan nos servizos de facenda, réxime interior, persoal, emprego e formación ocupacional. Esta delegación abarcará a facultade de dirección dos servizos, pero non incluírá a facultade de xestión dos servizos nin de resolución de actos administrativos que afecten a terceiras persoas.

Cuarto: Notificar a presente Resolución ós concelleiros afectados, indicándolles o deber que teñen de manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas funcións delegadas.

Quinto: Dar conta do presente Decreto ó Pleno do Concello.”

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO CARTO: DAR CONTA DE DECRETO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE PARA PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS.

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, da conta do Decreto de data 23 de marzo de 2010, que foi remitido xunto coa convocatoria, e que se transcribe literalmente:

“DECRETO

VISTO o contido da Orde do 19 de febreiro de 2010 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010 (DOG nº 40, do 1/03/2010).

Tendo en conta o disposto nos artigos 21.1.g) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, e no Real Decreto 861/1986 de 25 de abril,

ACORDO:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da orde expresada, as seguintes axudas:

1. Servizos Sociais Comunitarios:

Tipo de Persoal	Nº de profesionais	Adicación	Tempo de contratación	Subvención solicitada
Traballadora Social	1	Exclusiva .- xornada completa	11 / 01/ 2010 ata o 31 / 12/ 2010	15.802,73 €
Educadora Social	1	Exclusiva .- xornada completa	01 / 01/ 2010 ata o 31 / 12/ 2010	15.056,52

2. Mantemento dos SS.SS.. Comunitarios:

? Desprazamento do persoal técnico 1.200 €

3. Servizo de Axuda no Fogar:

Prestación Básica	Persoas dependentes
24.142,40 €	47.016,91 €

4. Xestión e realización de Programas:

Programa	Subvención solicitada
Envelhecimento activo	8.281,72 €
Prevención da dependencia	6.635,54 €
Educación e sensibilización sociocomunitaria	8.281,72 €
Apoio e formación a persoas cuidadoras	3.000 €
Conciliación da vida laboral e familiar	12.216,18 €
Obradoiro de corresponsabilidade	540 €
Inserción sociolaboral	8.281,72 €
TOTAL	46.966,88 €

SEGUNDO. O Concello prevé consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

1. Servizos Sociais Comunitarios:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

<i>Tipo de Persoal</i>	<i>Achega municipal prevista</i>
<i>Traballadora Social</i>	- 4.641,06 € (retribución salarial) - 3.463,08 € (gastos da oficina de SS.SS.) <i>Total: 8.104,14 €</i>
<i>Educadora Social</i>	- 9.786,85 € (retribución salarial) - 3.463,08 € (gastos da oficina de SS.SS.) <i>Total: 13.249,93 €</i>
TOTAL	21.354,07 €

2. Mantemento dos SS.SS.. Comunitarios:

0 €

3. Servizo de Axuda no Fogar:

<i>Prestación Básica</i>	<i>Persoas dependentes</i>
- 2.520 € (copagamento)	- 6.132,96 € (copagamento)
- 9.766,72 (Prog. Cooperación)	
<i>Total: 12.286,72 €</i>	<i>Total: 6.132,96 €</i>

4. Xestión e realización de Programas:

<i>Programa</i>	<i>Subvención solicitada</i>
<i>Envellecemento activo</i>	300 €
<i>Prevenición da dependencia</i>	300 €
<i>Educación e sensibilización sociocomunitaria</i>	300 €
<i>Apoio e formación a persoas cuidadoras</i>	300 €
<i>Conciliación da vida laboral e familiar</i>	600 €
<i>Obradoiro de corresponsabilidade</i>	300 €
<i>Inserción sociolaboral</i>	300 €
TOTAL	2.400 €

TERCEIRO. En consecuencia, o orzamento total por programas e investimento para Servizos Sociais Comunitarios é o seguinte:

1. Servizos Sociais Comunitarios:

<i>Tipo de Persoal</i>	<i>Nº de profesionais</i>	<i>Adicación</i>	<i>Tempo de contratación</i>	<i>Orzamento</i>	
				<i>Achega da C.L.:</i>	<i>Achega da C.A.:</i>
<i>Traballadora Social</i>	1	<i>Exclusiva xornada completa</i>	11 / 01/ 2010 ata o 31 / 12/ 2010	- 4.641,06 € (retribución salarial)	- 15802,73 €
				- 3.463,08 € (gastos da oficina de SS.SS.)	
				Total retribución salarial: 20.443,79 € Total gasto anual da oficina municipal de SS.SS.: 3.463,08 € TOTAL: 23.906,87 €	



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Educativa Social	1	Exclusiva xornada completa	.-	01 / 01/ 2010 ata o 31 / 12/ 2010	- 9.786,85 € (retribución salarial)	- 15.056,52 €
					- 3.463,08 € (gastos da oficina de SS.SS.)	
					Total retribución salarial: 24.843,37 € Total gasto anual da oficina municipal de SS.SS.: 3.463,08 € TOTAL: 28.306,45 €	

2. Mantemento dos SS.SS.. Comunitarios:

Achega da C.A.	Achega da C.L.	Total
1.200 €	0 €	1.200 €

3. Servizo de Axuda no Fogar:

Prestación Básica		Persoas dependentes	
Achega da C.L.	Achega da CC.AA.	Achega da C.L.	Achega da CC.AA.
- 2.520 € (copagamento)	- 24.142,40 €	- 6.132,96 € (copagamento)	- 46.386,01 €
- 9.766,72 (Prog. Cooperación)			- 630,90 € (remanente)
Total: 36.429,12 €		Total: 53.149,87 €	
TOTAL: 89.578,99 €			

4. Xestión e realización de Programas:

Programa	Subvención solicitada	Achega da C. Local
Envellecemento activo	8.281,72 €	300 €
Prevenición da dependencia	6.635,54 €	300 €
Educación e sensibilización sociocomunitaria	8.281,72 €	300 €
Apoio e formación a persoas coidadoras	3.000 €	300 €
Conciliación da vida laboral e familiar	12.216,18 €	600 €
Obradoiro de corresponsabilidade	540 €	300 €
Inserción sociolaboral	8.281,72 €	300 €
TOTAL	46.966,88 €	2.400 €

CUARTO: Seguir a prestar o servizo nas mesmas condicións que o ano anterior, modificado en todo caso segundo as necesidades que surxan no seu desenrolo.

En Lobios, a 16 de marzo de 2010.”

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, sinala que a solicitude e a mesma que a do ano pasado, tendo en conta que o servizo de quiromasaxe se tivo que paralizar, polo que se fai é manter o servizo co incremento que houbo en axuda no fogar e dependencia, continua decindo que están consolidadas as 2 traballadoras de axuda no fogar, a traballadora social e a educadora familiar e ademais se solicitan programas novos, intentando pedir todo o posible dentro do area de Benestar Social e a achega municipal segue sendo a mesma do ano pasado, xa que no plan concertado o anterior esta consolidado, indica tamén que o ano pasado houbo unha excepcionalidade co quiromasaxe xa que primeiro mandaron unha carta onde se permitía manter o servizo e en outubro mandouse unha circular na que se dicía que non se permitía e esa é a única excepción e a única novidade son os programas da ultima paxina



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, pregunta se hai dúas persoas en axuda no fogar.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, responde que hai dúas persoas en plan concertado e tres en dependencia.

PUNTO QUINTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO: Nº 2/2010.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que a proposta de Alcaldía (que se recolle a continuación) foi remitida xunto coa convocatoria do Pleno:

“ PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asimesmo, o Informe de Secretaria-Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se proceda ao levantamento do reparo, de conformidade co art. 217 do TRLRFL.

2º)Que se aprobe o recoñecemento extrajudicial de crédito, por importe total de dous mil novecentos corenta e seis euros con corenta céntimos (2.946,40 €), co seguinte detalle:

PROVEEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
LUIS RODRIGUEZ DASILVA	Palco desmontable e escaleira	45.623	2.946,40 €

3º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere.”

Toma a palabra o Sr Alcalde- Presidente e indica que se trata da compra dun palco e que forma parte das facturas atrasadas que se intentan colocar e que agora se podería meter e por iso se mete.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, sinala que se trata dunha factura do actual lexislatura debido a que no momento da entrada deste goberno existía un desarranxo no orzamento e se encargou a construción do palco quedando aínda por abonar a estrutura de madeira que é de J.B, son facturas de 2007 que soportaron un retraso e que pide que se recoñezan.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pregunta de que ano é

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, responde que é do ano 2007, de agosto de 2007.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pregunta cal é a finalidade.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, responde que se utiliza nas festas de Lobios, nos carnavais, e que tamén se cede aos veciños que o necesiten.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, incorporado neste punto, indica que ten informe de Secretaria polo que ten o seu voto.

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Nora González, Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (once votos a favor)

PUNTO SEXTO: DECRETOS DO MES DE DECEMBRO DO 2009

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

PUNTO SEPTIMO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REGISTRO MUNICIPAL.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que se presentaron Mocions por parte dos Grupos e que foron remitidas xunto cao convocatoria, e que son as seguintes:

1. “Moción do Grupo Municipal do BNG, “Galiza tren dereito”, presentada o 12/03/10 con nº 468.

Jesús Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, concelleiros do grupo municipal do BNG do concello de Lobios, ao abeiro da L.R.B.R.L, lei da Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes, presentan para debate e aprobación, se procede, polo pleno do concello a seguinte MOCIÓN, relativa ao manifestó galiza ten dereito.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Grazas ao acordó a que se chegou entre o BNG, o PP, os tres sindicatos maioritarios en galiza, e a patronal foi posible elaborar un manifesto en defensa do sistema financeiro galego. Ese manifestó é o que se produce a continuación:

Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos centros de decisión e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas .

Fronte a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O parlamento galego adoptou por unanimidade o acordó de establecer como prioridade o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de caixas.

O Parlamento de galiza aprobou por ampla maioría una reforma da Lei de caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

A resposta do goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de caixas de galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:

1-. Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do país, regulado polo seu parlamento, como expresión do autogoberno. E vital, por tanto, preservar a Lei de caixas de Galiza.

2-. Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego. Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a contritucionalidade da lei galega, si non se fixo coa vasca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se consideren máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de galiza.

3-. Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar una fusión dentro do mesmo país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegidade das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda una caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e perto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

Galiza debe defender o seu. Ten dereito.

*Por todo isto, o BNG proponlle ao Pleno da corporación municipal a adopción dos seguinte **ACORDO**:*

1.- O Pleno do concello de Lobios expresa a súa adhesión ao manifesto GALIZA TEN DEREITO.”

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que se trata dun manifesto no que se pretende que se permita a fusión das Caixas galegas para conseguir un sistema financeiro entre as caixas de Galicia e non de caixas foráneas, e por isto se presenta a mocion.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que están de acordo xa que a iniciativa é do Presidente da Xunta, xunto co BNG, existindo unha negativa do goberno central.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, incorporado neste punto, indica que lle gustaría que falase a traballadora de Caixa Galicia.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que a traballadora omite a súa opinión, continua decindo que están de acordo con que Galicia ten dereito pero dereito á galegidade, non se debe obstaculizar o empresarial co político, indica que non esta en condicións de opinar se a fusión é a mellor vía xa que non ten coñecementos en macroeconomía, polo que se debe seguir o cauce e buscar solucións, por iso o seu partido se abstendra.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que as caixas teñen unha función social e de compromiso co territorio, e que ese compromiso se perde cando as caixas se absorben por caixas



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

doutros territorios, continua decindo que se se pon na pel dun señor que ten unha pyme e ten que pedir créditos, a implicación é distinta en cada territorio e se debe defender o seu, se isto sucede en outras comunidades non habería esta discusión e neste caso ao intervencionismo é por parte do Estado e non da Xunta.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que non é tan doado de ver, e por elo hai que estudar todas as formulas porque se trata de empresas , continua decindo que haberá que buscar a solución mais axeitada, e coma non teñen datos non van a tomar unha postura.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que quen manexa as caixas é a política.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PSG – PSOE, Sra.. Nora González indica que non quería falar deste tema e o única que vai dicir é que a caixa é unha empresa, xa que os traballadores dela non son funcionarios, outra cousa é o que se esta intentando facer que é que o poder político teña os instrumentos necesarios para controlar ás caixas.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que non esta de acordo xa que o poder político é o que debe axudar cando unha caixa esta en ruína.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que non se vai chegar a un acordo.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que non se fala de empresas senón de caixas participadas por deputacións, concellos, gobernos... polo que non son empresas e polo interese social non interesa que se vaian para fora.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PSG – PSOE, Sra.. Nora González e responde que as caixas non están participadas

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta dós membros presentes, co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: Sres./as Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (seis votos a favor)

ABSTENCIONS: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Nora González. e Veloso González (cinco abstencions).

2.Moción do Grupo Municipal do PP, “Sistema de pensións”, presentada o 22/03/10 con nº 514.

“O Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula para o seu debate e, no seu caso aprobación no pleno ordinario a celebrar o vindeiro día 27/03/2010 a seguinte.

MOCIÓN.

*O goberno de Zapatero vén de anunciar una **reforma do sistema de pensións** e a posibilidade de retrasar a idade de xubilación aos 67 anos. Un debate improvisado que está a crear alarma entre a sociedade, posto que, en plena crise económica, e por primeira vez en moitos anos, todos os pensionistas perderán poder adquisitivo.*

Os pensionistas son os que máis están a sufrir os erros económicos do goberno de Zapatero. As nóminas dos pensionistas este ano son inferiores as do ano pasado. As pensións de 115.000 galegos veranse recortadas a través dun incremento no IRPF aplicable ás súas pagas.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Zapatero leva dous anos sen actualizar os mínimos da renda, en contra da súa promesa electoral. Isto implica que, co mesmo nivel de ingresos que en 2007, se pagan máis impostos.

Por se fose pouco, o goberno do partido socialista eliminou, precisamente este ano, a dedución de 400 euros que prometeu na campaña electoral de 2009. Unha dedución que foi outra decisión improvisada, que non beneficiou aos que máis a necesitaban e que supuxo un importante esforzo das arcas públicas. Agora, no peor momento da recesión, en lugar de manter estas axuda que Zapatero vendeu como respaldo ás familias en tempos de crise, retiráronas para todos por igual, sen ter en conta a dramática situación de moitas familias e, por suposto, dos pensionistas.

O goberno central está a ocultar a verdadeira situación da seguridade social:

Desde xullo de 2007 perdéronse máis de 1,5 millóns de cotizantes..

3 millóns de persoas están a cotizar só mentres lles dure o paro.

A seguridade social está gastando a un maior ritmo 7% do que ingresa 0%

O superávit desplomouse un 30%

Por todo o exposto, o grupo municipal do partido popular presenta para a súa aprobación se procede, o seguinte

ACORDO:

Instar ao goberno do estado a:

1. Que no recorte o poder adquisitivo dos 115.000 pensionistas galegos afectados pola súa decisión de baixar as pensións en todo o estado.

2. Que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seo do pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os grupos parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible.”

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que se trata dunha moción pola reforma do sistema de pensións que se considera improvisada sen facer un estudo viable, xa que a sociedade non ten que sufrir os erros do goberno de Zapatero, indica que as pensións se verán reducidas polo incremento do IRPF, e o goberno xa eliminou os 400 € e esta decisión non beneficiou a ninguén, e agora se aumenta o IRPF e se diminúen os ingresos e isto debe ser abandonado para cumprir o pacto de Toledo.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que o PP non pode criticar a supresión dos 400 € cando antes criticou a súa inclusión, indica que esta moción é certamente demagóxica, xa que independentemente das medidas adoptadas non se pode considerar a unha persoa responsable desta crise, ademais indica que a Xunta ten mecanismos para que non se faga isto xa que se pode activar un complemento para mermar esta diminución, polo que están de acordo co punto primeiro da moción, e co punto segundo esta de acordo se se suprime o do Pacto de Toledo, e con relación ao dos 65 anos é unha proposta para debate xa que hoxe hai unha nova realidade social e pregunta se se non se sube a pensións aos 67 anos e se corta a man de obracomo se arranxa isto, cal é a solución.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que el é independente e isto é política a alto nivel, pero o seu apoio é o 100% aos veciños de Lobios.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que en política as medias verdades son o peor que hai, porque leida a moción así ten certa forza, pero esta carente de fundamento. En relación ao punto primeiro da exposición relativa aos 65 anos, o Goberno non anunciou ningunha reforma do sistema de pensión, retrasando a idade de xubilación aos 67 anos. O Goberno levará ao Pacto de Toledo a súa proposta de reformas sobre o sistema de pensión e incluso tamén a Mesa de Diálogo social, para contar co parecer de empresarios e sindicatos, o cal é moi distinto: nin anunciou reforma nin polo tanto se trata dun debate improvisado. A día de hoxe a sostenibilidade do sistema de



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

pensión está plenamente garantizada ata dentro de 30 anos. Pero as previsións de crecemento poblacional, unidas a que España é hoxe, con Xapón, ó país con maior esperanza de vida do mundo, fan necesario estar preparados e introducir reformas no sistema: no ano 2049 á poboación maior de 64 anos duplicarase con respecto a 2009, mentras que a poboación entre 16 e 64 anos descenderá en 6 millóns de persoas. Xa sabemos que a proposta de ampliación da vida laboral ata os 67 anos suscitará polémica, pero a cuestión é ¿Qué é millor, traballar dous anos mais ou arriesgarnos a que dentro de 30 anos non haxa pensións?. Unha cousa é plantexar solucións, iso é un acto de responsabilidade e de visión de futuro e supón polo interés de quen se vaian a ser pensionistas, a partir do 2030, por riba do interés partidista coiuntural, o cal é tamén un acto de xenerosidade política difícilmente criticable. E outra cousa é lanzar unha mensaxe de alarma a oito millóns de pensionistas (aos que por suposto non lles afectaría as medidas contidas na proposta e solo moderadamente aos traballadores mais veteranos), decindo que si non se fai algo de forma inmediata, as pensións están en perigo. E isto é o que fixo o PP: “El sistema de pensiones está condenado a la quiebra, si cada vez trabajan menos personas en España y son más las que cobran pensiones” (José María Aznar en conferencia el día 21 de maio de 2009). Continua decindo que non é certo que os pensionistas sexan ós que mais están a sufrir os erros económicos do Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, xa que nos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2010, o Goberno incluiu subidas das pensións mínimas por riba do IPC, nunha horquilla na que a parte mais alta alcanza o 5,5%. O presuposto total para as pensións no 2010 aumenta nun 5,7% respecto ao 2009. Para o 80% de aquiles que cobran unha pensión mínima actualmente, a subida que ten no ano 2010 é do 4%. A subida media do conxunto de todas as pensións será superior ao 2%. Que o Goberno aprobe agora cada ano unha subida das pensións mínimas por riba do IPC parece xa unha cousa normal. Pero o certo é que so pasa isto dende que goberna José Luis Rodríguez Zapatero. O PP nunca o fixo, limitouse ao que estaba obrigado por Lei, que é subir as pensións no mesmo porcentaxe que subira o IPC, resultado de subir cada ano as pensións mínimas por riba do IPC, dende o 2005, concentra neste curto período de tempo a maior subida de pensións da historia. Así exemplos disto, son : un xubilado con cónyugue a cargo que teña a pensión mínima cobrará 10.152 euros o ano, que representan 3.364 euros más do que cobraba en marzo do 2004 cando gobernaba o PP. e unha viuva con cargas familiares que teña pensión mínima cobrará 9.515 euros neste ano, 4.145 euros máis do que cobraba en marzo de 2004. Pese a que en 2010, as pensións seguiron subindo, especialmente as mínimas, é certo que as persoas que cobran pensións máis altas están a notar que reciben menos que o ano pasado. Isto é consecuencia de que iste ano, a diferencia do anterior, non lles están deducindo ós 400 euros do IRPF. De tódolos xeitos, esta circunstancia só está a afectar aos pensionistas que teñen unos ingresos anuais superiores a 15.600 euros, que representan unha pensión de 1114 euros mensuales, aparte as dúas pagas extraordinarias. O resto dos pensionistas con menores ingresos que istos, ou non lles afectan (porque non se lles aplica ningunha retención) ou lles siguen aplicando a dedución dos 400 euros. Por último, menciona que a situación real da Seguridade Social é a seguinte: Hoxe, o sistema de pensións téñen a situación financeira máis sólida de toda a súa historia. A Seguridade Social estivo en situación de superávit durante todos os anos de goberno do Presidente Zapatero. Tiña unhas reservas de 60.000 millóns de euros no Fondo de Pensións a principios de ano, que o Goberno incrementou en 2.500 millóns no pasado mes, ata acadar a cifra de 62.500,5 millóns de euros. O Goberno do PP deixou iste Fondo con 15.000 millóns de euros. Hai agora máis de 62.000, que representa o triple. Polo tanto, as pensións en España están hoxe máis aseguradas que nunca e non téñen un horizonte de risco a medio prazo.

Concedida a palabra á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que a posibilidade non a plantexa ela senón que a plantexa o Ministro, e se lanza esta opinión será porque a vai levar a cabo, indica que non din que se poida dar, senón que debe estudarse, continua plantexando un exemplo practico indicando que un pensionista que cobra ao mes 1062 € coa supresión pasa a ter 999 €

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que sería unha irresponsabilidade chegar a unha situación na que diminua a poboación de traballadores e se incrementa a poboación de xubilados, xa que son gráficos reais, continua decindo que cos fondos de pensións non hai un problema deste tipo.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que non hai mais que saír a rúa e preguntar aos pensionistas, ler a prensa ou a radio, para ver que o que queira ter unha pensión debe abrir un fondo de pensións, xa que se se segue así en 2020 ou 2025 a SS quebra porque hai mais parados que non aportan.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que no seu grupo cada un vai votar como pensa, indica que esta situación ven motivada por unha proposta do Ministro que debe facela, e entende que o PP centre os seus efectivos en buscar solucións e non facer demagogia, xa que a situación actual non é boa nin o vai ser xa que esta situación é algo que ven de atrás e en Galicia moito mais, polo que se vai abster e o seu compañeiro vai votar en contra, aínda que indica que esta de acordo co primeiro punto do acordo da moción e co segundo se se quita o do pacto de Toledo pero non esta de acordo co que se recolle antes.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que se retira o do Pacto de Toledo.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PSG – PSOE, Sra.. Nora González, indica que no exemplo que se pon de 1067 €, a persoa vai a cobrar os 1067 € pola SS, pero hai unha diminución debido á subida do IRPF.

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación coa modificación de retirar no punto segundo o de o Pacto de Toledo, se deu o seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: Sres./as Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado e González González, Fernández Simo (cinco votos a favor)

VOTOS EN CONTRA: Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Nora González e Carballo Suárez (cinco votos en contra)

ABSTENCIONS: Sres/as. Veloso González (unha abstencions).

Ao producirse un empate nas votacions, efectuouse unha nova votacion co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado e González González, Fernández Simo (cinco votos a favor)

VOTOS EN CONTRA: Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Nora González e Carballo Suárez (cinco votos en contra)

ABSTENCIONS: Sres/as. Veloso González (unha abstencions).

Ao persistir o empate, e en base ao art. 46 da Lei 7/1985, decide o voto de calidade, polo que por cinco votos a favor e cinco votos en contra, e co voto de calidade do Sr Alcalde en contra, non se aprobou a mocion.

3.Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG “Deficiencias na cobertura da TDT”, presentada o 23/03/10 con nº 527.

“ Deibe Fernández Simo e Cayetano carballo Suárez, como concelleiros do grupo municipal do BNG de Lobios,

Expoñen que:

Coa chegada da TDT ao concello de Lobios son múltiples as queixas de vecinos de todas as parroquias polas deficiencias que presenta o servizo. Son frecuentes os cortes de emisión e en múltiples casos non se recibe ningún canal ou só se ven parte dos mesmos. Esta situación vense prolongando dende hai varias semanas sen que se observen melloras.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Ao mesmo tempo as averías son frecuentes e a empresa concesionaria non actúa coa axilidade precisa dixando na última ocasión 4 días sen televisión a meirande parte dos vecinos e veciñas do concello.

Polo que proponen para o seu debate e posterior acordó en pleno:

-Instar mediante acordo plenario á Xunta de Galicia a que corrixa as deficiencias existentes de cobertura coa maior brevidade posible e que requira a empresa concesionaria do servizo técnico de emisores para que actúe con maior eficacia dando resposta inmediata no momento no que sexa preciso.

En Lobios a 22 de marzo de 2010.”

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que hai problemas coa TDT, polo que a Xunta debe por as ferramentas para solucionar esto, xa que o Concello de Lobios non pode asumir o custe e non debe porque non é unha obriga del.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que esta de acordo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que foi parte sacrificada xa que as propostas veñen ao Concello e o Concello fixo o que lle pediu a Xunta, e sen embargo hai zonas de Fondevila, Cimadevila... que quedaron sen ter televisión, polo que a Xunta actuou mal neste tema e ese problema o houbo ata fai pouco, continua decindo que quen teña problemas debe comunicalo ao Concello, tamén indica que a Xunta e a Deputación sacaron subvencións para os interesados.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que el onte non vía a televisión e tampouco o Corgo, e remata decindo que a empresa non debe tardar días en vir.

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Nora González, Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (once votos a favor)

PUNTO OITAVO: ROGOS E PREGUNTAS.

1.- Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Gonzalez Gonzalez, indica que non se lles deu a copia do informe sobre a obra que se denunciou en Lobios.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que nese tema non hai denuncia e si que hai informes e si que se emitiron.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Gonzalez Gonzalez solicita unha copia dos informes.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e fai entrega dos informes.

2.- Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Gonzalez Gonzalez e indica que na Carreira da Cela hai un piñeiro obstaculizando o paso dende o temporal que aínda non se quitou.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG – PSOE, Sr. Paz León e responde que non o sabían e que se se pode se fará hoxe.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

3.- Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que son coñecedores dunhas sentencias xudiciais polas que se condena ao Concello de Lobios ao pago dunhas cantidades polo derribo dunha vivenda e tamén Bande require a débeda anterior a 2006, polo que pregunta cal é a situación de Bande, Lobeira e Muíños e cales son as solucións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que hai un problema severo polas novas incorporacións de débedas, xa que en 2007, cando se chegou a contabilidade non se entregou nin o inventario municipal, despois se averiguou que había 1.720.000 € de débedas e se someteu ao Concello a un plan severo, se actualizaron as contas e hai que votar man a xestión municipal e as exixencias xudiciais, no ano 2007, se lle debía a Bande e Muíños unhas cantidades, se lle pagaron as debebdas a Muíños 43.203 € e quedou Bande 54.034 € pendente que agora solicitan, tamén se tiñan uns pasivos financeiros de 244.400 € e de 163.963 que empezaba a fase de amortizacións unha operación de tesorería que se cancelou, ademais hai un aval periódico de 424 €, se fixeron recoñecementos extraxudiciais por importe de 207.000 €, e se lle debe a Deputación 29.200 € da débeda de 1.720.000 € pagáronse 407.700 € en base a recoñecementos extraxudiciais e as amortizacións. Continua decindo que agora hai que pagar 90.000 € polo derribo da casa de Celso e se pide outra indemnización de 132.000 €, e tamén esta o problema do centro de saúde e da reparación do incendio de 50.000 €, esto suma 280.000 € que hai que facer fronte, se esta en contacto cos debedores e se buscan vías cos avogados para facer fronte a estes gastos.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pregunta se non cabe recurso contra a sentenza xa que había tamén informe de Patrimonio e era favorable.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que a sentenza é firme e a responsabilidade é do Concello porque a licenza é nula, a sentenza é así e a situación é asimilable ás casas de Vilamea.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que non é lóxico o da sentenza porque había informes favorables e se non se concede se pode prevaricar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que se están buscando as vías de solución.

4.- Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, e presenta a seguintes rogos:

- Felicita a Rosa pola súa incorporación e fai memoria xa que o seu pai e o del foron alcaldes en épocas difíciles.
- Recorda a necesidade dun medico en Lobios, polo que se debe pagar a un medico xove para axudar aos de protección civil e estar atendida a comarca xa que é unha zona illada e non hai médicos polas tardes, e a poboación é xente maior.
- O acordo dos camiños de Zapateiros e Fondevila que se aprobaron e que aínda non se arranxaron.
- Os grupos políticos non esta cumprindo co seu programa político que presentaron e esta a punto de rematar a lexislatura.
- O auga termal de Riocaldo que se debe deixar para uso publico determinados litros, promesa que aínda non se cumpriu.
- Debido a que se fala de diñeiro, se debe dar traslado á fiscalía anticorrupcion debido as débedas, as infraccións urbanísticas e as barbaridades que hai.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que a obra de Zapateiros e Fondevila se adjudicou a Benito Bastos, e se vai iniciar, e das augas termais hai novidades que espera poder traer ao próximo Pleno.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra a concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, Sr. Paz Leon, indica que a ambulancia sufriu un accidente .

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que a ambulancia tivo un accidente cando ía a por un ferido e quedou en mal estado xa que esta afectado o motor, polo que se fixeron diversas actuacións coa Xunta e co Concello de Ourense, pero non teñen ambulancias para ceder, polo que se manexan varias opcoes xa que non se pode deixar ao Concello sen a ambulancia continua decindo que o alquiler dunha é de 1.600 € que mais gasolina serían 2.100 € o mes, a compra dunha é de 40.000 €, pero esta cantidade é moi grande, tamén se falou con empresas de venda de segunda man que podería saír en 16.000 € e permiten entregar a do Concello, podendo disminuir o prezo, pero haberá que estudar a mellor formula.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica que o Sergas propusera establecer o 061 aquí.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que tamén se traballa nesta dirección.

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy